



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 07 DE XUÑO DE 2021

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00025349S.

Aprobación de actas de sesión anteriores.

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Ordinaria celebrada o día 24 de maio.
- Extraordinaria urxente celebrada o día 24 de maio.
- Extraordinaria urxente celebrada o día 26 de maio.
- Extraordinaria urxente celebrada o día 27 de maio.
- Ordinaria celebrada o día 31 de maio.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/829/2020.

Licenza obra maior.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución e a documentación técnica presentada o 23/02/2021 e o 12 e 25 de marzo de 2021, a execución dunha vivenda unifamiliar na parcela 5 na Rúa Senande, 32 Santiago de Compostela (A Coruña), cun orzamento de execución material de 89.517,00 euros.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1086/2020.

Licenza obra maior.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 16/11/2020 e a documentación presentada o 23/02/2021 e o 15/03/2021, para a construción dunha vivenda unifamiliar na parcela 4 situada na Rúa Senande, 32 Santiago de Compostela (A Coruña), cun orzamento de execución material de 89.517,00 euros.

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/834/2020.

Licenza obra maior.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 17/11/2021 e a documentación presentada o 23/02/2021 e 12 e 25 de marzo 2021, a construción dunha vivenda unifamiliar na parcela 3 situada na Rúa Senande, 32 Santiago de Compostela (A Coruña), cun orzamento de execución materia de 89.517,00 euros.

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/835/2020.

Licenza obra maior.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 09/11/2020 e a documentación presentada o 23/02/2021 e o 12 e 25 de marzo de 2021, a construción dunha vivenda unifamiliar na parcela 2 situada na Rúa Senande , 32 Santiago de Compostela (A Coruña), cun orzamento de execución material de 111.618,00 euros.

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00013710Z.

Aceptacion de cesion de viario e licenza de segregación.

Acórdase:

- ACEPTAR libre de cargas a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data once de febreiro de dous mil vinte e un outorgada ante o Notario, co número de protocolo douscentos trinta e un de parcela de 172 metros cadrados. Deberase presentara escitura liquidada nun prazo dun mes.

-Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto redactado presentado o 24/03/2021 a segregación da parcela situada no Lg de Trasvea Santiago de Compostela (A Coruña) nas seguintes parcelas de resultado:

- PARCELA DE RESULTADO 1194-A. Superficie Neta: 13.400,80 m2. Solo Clasificado como Solo de Núcleo Rural Categoría Consolidado e Cualificado en Ordenanza 14. De expansión dos núcleos rurais (Superficie Neta 703,00m2s). Solo Clasificado como Solo Rústico Categoría de Protección e Cualificado en Ordenanza 16 Solo Rústico Protección Agropecuaria (Superficie Bruta 12.697,80m2s). Parcela exenta de edificacións.
- PARCELA DE RESULTADO 1194-B. Superficie Neta: 703,00 m2. Solo Clasificado como Solo de Núcleo Rural Categoría Consolidado e Cualificado en Ordenanza 14. De expansión dos núcleos rurais. Parcela exenta de edificacións.
- PARCELA DE RESULTADO 1194-C. Superficie Neta: 702,09 m2. Solo Clasificado como Solo de Núcleo Rural Categoría Consolidado e Cualificado en Ordenanza 14. De expansión dos núcleos rurais. Parcela exenta de edificacións.

A licenza entendese outorgada salvo dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro. Faise constar que presente segregación informase a partir dos datos reais resultantes do levantamento topográfico (Superficie Bruta 14.978,70m2s) sen perxuízo das consecuencias rexistras que elo conleve para o interesado.

7. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00013134J.

Aceptacion de cesion de viario e licenza de parcelacion.

Acórdase:

-ACEPTAR libre de cargas a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 25 de febreiro de 2021, outorgada ante notario, co número de protocolo mil catrocentos setenta e cinco. As parcelas cedidas descríbense así:

“1. TERRENO sobrante desde la línea de alineación urbanística por el linde Norte de la parcela hasta el vial público, de una superficie de cincuenta y ocho metros cuadrados (58 m). LINDA: Norte y Este, camino construido por el Servicio de Concentración Parcelaria; Sur y Oeste, parcela matriz.

2. TERRENO sobrante desde la línea de alineación urbanística por el linde Sureste de la parcela hasta el vial público, de una superficie de veintiún metros cuadrados (21 m). LINDA: Norte y Oeste, parcela matriz; Sur, zona excluida y camino; y Este, camino construido por el Servicio de Concentración Parcelaria”

-Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto de data de visado do 23/03/2021, e a documentación presentada o 14/05/2021,

a parcelación das Parcelas con Referencias Catastrais 15079A50500673 e 15079A50501755 situadas no Lg Rebordaos Santiago de Compostela (A CORUÑA) nas seguintes parcelas de resultado:

- PARCELA RESULTADO 1. Solo Clasificado Urbano Categoría Consolidado Cualificado Ordenanza 6. Vivenda unifamiliar extensiva. Superficie Neta 503,00m2s.
- PARCELA RESULTADO 2. Solo Clasificado Urbano Categoría Consolidado Cualificado Ordenanza 6. Vivenda unifamiliar extensiva. Superficie Neta 501,00m2s
- PARCELA RESULTADO 3. Solo Clasificado Urbano Categoría Consolidado Cualificado Ordenanza 6. Vivenda unifamiliar extensiva. Superficie Neta 501,00m2s
- PARCELA RESULTADO 4. Solo Clasificado Rústico Categoría de Protección e Cualificado Ordenanza 19 Solo Rústico de protección das augas. Superficie Neta 6.126,00m2s
- PARCELA RESULTADO 5. Solo Clasificado Rústico Categoría de Protección e Cualificado Ordenanza 19 Solo Rústico de protección das augas. Superficie Neta 5.218,00m2s

A licenza entendese outorgada salvo dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro.

8. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1647/2018.

Modificado licenza de obra maior.

Acórdase conceder a a INDUAMIO, S.L. modificado de licenza de obras para construción dunha nave industrial sen uso definido na RÚA POLONIA, 29 (parcela 84 do SUNP-37-1º sector, segundo Proxecto técnico modificado II, co visado colexial de data 19/02/2021, cun orzamento de execución material de 199.879,61 euros, baixo a dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde do proxectista.

As actuacións consistirán na construción dunha nave industrial sen uso específico de planta baixa de 74,50 x 24,40 metros, e anexo de planta semisoto, baixo e primeiro de 10,84 x 7,45 metros, cunha altura de 9 metros, ocupación en planta de 1.898,26 m2, superficie construída total de 1,979,30 m2 e superficie útil total de 1.773,26 m2

A edificación está situada en solo clasificado como urbanizable no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza *Zona E" do Plan Parcial do SUNP-37*

9. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/486/2020.

Licenza obra maior.

Acórdase conceder a TALLERES CHOLO, S.L., licenza de OBRA NOVA para construción de nave industrial sen uso específico na Rúa do País Vasco, 31, (parcela J3c01h do Polígono industrial da Sionlla), segundo Proxecto básico co visado colexial de data 08/03/2021, cun orzamento de execución material de 535.000 euros.

As actuacións consistirán na construción de nave industrial sen uso específico de tres plantas cunha superficie construída total de 2.125,20 m2 (superficie útil de 1941,36 m2), unha ocupación de 1.741,72 m2 e altura de 11,85 metros.

O inmovible está clasificado como solo urbanizable polo PXOM, no ámbito de aplicación da Ordenza 3, edificación semiadosada, variante 3c do Proxecto sectorial da Sionlla.

10. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00009534G.

Licenza obra maior.

Acórdase conceder a Coliving Compostela SL , licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto de de data de visado do 02/03/2021, a demolición de construcións anexas á edificación principal do inmovible situado na Avda. Rosalía de Castro 88, Santiago de Compostela (A Coruña) cun orzamento de execución material de 23.345,88 euros.

11. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: LAP/256/2020.

Licenza de obra nova para construción de nave na Rúa Estremadura 18

Acórdase CONCEDER licenza de OBRA NOVA para construción de nave de empresa de transporte destinada a oficinas, garaxe, aparcamento e mantemento na RÚA DE ESTREMADURA 18, SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA), segundo Proxecto básico modificado II con data de 22/02/2021, cun orzamento de execución material de 350.025,35 euros.

As actuacións consistirán na construción dunha nave de dous plantas, cunha ocupación de 1348 m², superficie construída de 1431,20 m² e altura de 9,50 metros para destinar a oficinas, garaxe e aparcamento de autobuses e o seu mantemento.

A edificación está situada en solo clasificado como urbanizable no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza 2B do Proxecto sectorial da Área empresarial da Sionlla.

12. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: LAP/197/2020.

Legalización de segundo andar de nave na Vía Nobel,9.

Acórdase conceder licenza de obras de legalización da segunda planta da edificación sita na RUA VÍA NÓBEL, 9, segundo Proxecto de legalización co visado do COETICOR nº 49920 de 27/03/2020 e anexo co visado nº 49920 de 09/09/2020 e 30621 de 25/02/2021, cun orzamento de execución material de 22.608 euros.

Trátase de legalización da segunda planta dunha edificación existente cunha superficie construída de 163,50 m² (superficie útil de 148,56 m²) destinadas a consultaría e laboratorio medioambiental.

A edificación está situada en solo clasificado como urbanizable no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza industrial do Plan Parcial do Polígono do Tambre.

Lémbrese a necesidade de tramitar a alteración de datos catastrais.

13. PLANEAMENTO. Referencia: 2021/00024700X.

Aprobación inicial do Estudo de detalle da parcela EQ-2 do do Parque empresarial da Sionlla

Acórdase:

a) Aprobar inicialmente o Estudo de detalle da parcela EQ-2 do *Parque empresarial da Sionlla*, formulado de oficio polo Concello de Santiago, e elaborado polos servizos técnicos de Planeamento en xuño de 2021.

b) En aplicación do procedemento regulado polos artigos 80.2 da LSG e 194 do seu Regulamento, o Estudo de detalle inicialmente aprobado **someterase a información pública durante o prazo dun mes**, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior circulación na provincia.

Simultaneamente, practicarase notificación individual aos titulares catastrais das parcelas afectadas.

Durante o trámite de información pública solicitarase o informe do director xeral do Patrimonio Cultural, en cumprimento do esixido polo artigo 34.2 da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia.

Así mesmo, darase traslado ao *Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana* e á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, para os efectos de que emitan o informe que estimen procedente sobre posibles afeccións ao vial orbital previsto no *Plan sectorial da rede viaria de Santiago, Ames e Teo*.

14. PATRIMONIO. Referencia: 2021/00023417S.

Comodato ou préstamo de uso dun piano bach

Acórdase:

-Aceptar o ofeemento de nova cesión de uso ou préstamo de uso durante dez anos dun piano Bach 1920 nº de serie 80.825 oferida pola familia Baltar Bòileve co obxectivo de aproximar a cidadanía ao mundo da música.

- Facultar ao alcalde do Concello de Santiago para que en nome e representación do Concello e perante o secretario municipal subscriba o documento administrativo de cesión de uso, préstamo de uso ou comodato co interesado.
- Adscribir o piano Bach ao departamento de ACCIÓN CULTURAL correspondéndolle a administración, xestión e conservación do citado piano Bach.

15. AREA IX.- MEDIO RURAL. Referencia: Teresa Jornet-Fase II.

Aprobación do proxecto da obra “Rexeneración e reforzo estrutural do pavimento da calzada da rúa de Santa Teresa de Jornet (2ª fase)”.

Acórdase aprobar o proxecto da obra “Rexeneración e reforzo estrutural do pavimento da calzada da Rúa de Santa Teresa de Jornet (2ª fase)”.

- Orzamento das obras: 91.950,66 € + 19.309,64 € de IVE (21%) = **111.260,30 euros**
- Prazo de execución: 4 meses.
- Clasificación do contratista: non se esixe.

16. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00024495N.

Aprobación do expediente Execución do proxecto de "Mellora dos accesos peonís cara aos centros educativos de Lamas de Abade (FASE I)".

Apróbase o expediente denominado Execución do proxecto de "Mellora dos accesos peonís cara aos centros educativos de Lamas de Abade (FASE I)", así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 104.720,00 euros IVE aparte, unha vez completado co certificado de existencia de crédito.

O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 21.991,2 euros.

O importe total, IVE engadido, é de **126.711,2 euros**.

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigacións económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria 040 32000 60900 00 - 2017 2 PEOOP 39.

17. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00024280G.

Aprobación do expediente denominado Prestación do servizo de subscripción, actualización e mantemento da base de datos territorial do Concello de Santiago de Compostela.

Apróbase o expediente denominado Prestación do servizo de subscripción, actualización e mantemento da base de datos territorial do Concello de Santiago de Compostela e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 9.917,35 euros IVE aparte.

O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 2.082,65 euros.

O importe total, IVE engadido, é de **12.000 euros**.

O coste asociado a este servizo financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 050 15100 2270600, de acordo co seguinte desglose por anualidades, e quedando condicionado, polo tanto, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2021: 6.000 euros.

Anualidade 2022: 6.000 euros

18. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/3/2021.

Aprobación do expediente denominado Alugueiro dun local no barrio de Guadalupe para a realización de actividades socioculturais municipais e da asociación de veciños do barrio, así como a súa adxudicación a Marcos Montero Ferreiro.

Apróbase o expediente denominado Alugueiro dun local no barrio de Guadalupe para a realización de actividades socioculturais municipais e da asociación de veciños do barrio, así como a súa adxudicación por un importe de 314,05 euros/mes IVE aparte.

O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 65,95 euros, polo que o importe total sería de 380 euros.

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigas económicas que se deriven desta contratación (4.560 euros/ano) con cargo á aplicación orzamentaria 040 33403 2020000, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios: Anualidade 2021: 2.470 euros.
Anualidade 2022: 2.090 euros.

19. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/135/2006.

Prórroga aluguer local nº 5 da rúa Presidente Salvador Allende para a súa utilización como sede de oficinas municipais (contratación).

Acórdase prorrogar o contrato de aluguer do local nº 5 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Contratación), polo prazo de un ano a contar desde o 15 de xuño de 2021 ata o 14 de xuño de 2022.

Respecto á revisión de prezos, no contrato asinado con data 15 de xuño de 2006, na súa cláusula segunda establece que o importe será revisado anualmente, conforme ás variacións que experimente o índice xeral de prezos o consumo.

Polo que propónse a revisión do IPC dende a última data na que se realizou esta (maio de 2014 ata maio de 2021). Tendo en conta que aínda non se publicou a variación correspondente a maio de 2021, a renta definitiva a partir de 15 de xuño de 2021 fixarase unha vez publicado o IPC do mes de maio de 2021.

Para o mes de xuño de 2021 satisfarase a renta actual por importe mensual de 997,65 € IVE incluído. Publicado o IPC de maio de 2021 efecturase a revisión correspondente con efectos dende o 15 de xuño de 2021.

O gasto irá con cargo á partida do orzamento municipal de nº 030 92000 2020000 ADMINISTRACIÓN XERAL. ARRENDAMENTOS EDIFICIOS, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente en dito exercicio.

20. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/330/2005.

Prórroga aluguer local nº 6 da rúa Presidente Salvador Allende para a súa utilización como sede de oficinas municipais (atención ao contribuínte) CON/330/2005.

Acórdase prorrogar o contrato de aluguer do local nº 6 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais de recadación (atención ao contribuínte), polo prazo de un ano a contar desde o 1 de xullo de 2021 ata o 30 de xuño de 2022. Respecto á revisión de prezos, no contrato asinado con data 7 de maio de 2003, na súa cláusula terceira establece que no caso de prórroga o prezo do alugamento incrementarase conforme a variación que experimente o índice xeral de prezos o consumo. Polo que se propón a revisión do IPC dende a última data na que se realizou esta (xuño de 2014 ata xuño de 2021). A renta definitiva a partir de 1 de xullo de 2021 fixarase unha vez publicado o IPC do mes de xuño de 2021. Para o mes de xullo de 2021 satisfarase a renta actual por importe mensual de 946,24 euros IVE incluído. Publicado o IPC de xuño de 2021 efecturase a revisión correspondente con efectos dende o 1 de xullo de 2021. O gasto irá con cargo á partida do orzamento municipal de nº 030 93100 2020000 POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL ADMÓN XERAL ARRENDAMENTOS, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente en dito exercicio."

21. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: NORMAS CACHARELAS 2021.

Aprobación das normas de cacharelas/sardiñadas privadas San Xoán 2021.

Apróbanse as normas que rexirán a celebración das cacharelas/sardiñadas en terreos de propiedade privada para a celebración da Noite de San Xoán 2021, que se farán extensivas

a calquera celebración destes eventos durante o mes de xuño, sexa a noite do día 23 ou calquera outro día, segundo exposto nesta proposta.

NORMAS das cacharelas/sardiñadas en terreos de propiedade privada promovidas EXCLUSIVAMENTE POR PARTICULARES.-

- Os particulares que desexen realizar unha cacharela e/ou sardiñada en terreos de propiedade privada deberán presentar a comunicación previa, segundo o modelo oficial, publicado na web do concello: www.santiagodecompostela.gal. As solicitudes poderanse presentar na sede electrónica do Concello: <http://sede.santiagodecompostela.gal> ou ben a través do banner instalado na páxina web: www.santiagodecompostela.gal dende as **00:00 horas do día 8 de xuño ata as 00:00 horas do día 21** de xuño de 2021. As persoas asinantes da comunicación previa teñen que ser maiores de idade. Con este trámite é suficiente para poder levar a cabo a actividade, sen prexuízo da responsabilidade por danos ou perdas a que houbera lugar no caso de que concorrera negligencia ou imprudencia.
- De conformidade co establecido na Orde da Consellería de Sanidade, de 28 de maio de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como con secuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada de la COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, nos espazos privados, abertos ou pechados as xuntanzas de convivintes ou non, non excederá a de 10 persoas no exterior e 6 no interior; recoméndase o uso de mascarilla; ase como o mantemento da distancia de seguridade interpersoal e a aplicación de medidas de hixiene de mans e medidas alternativas de protección física e de etiqueta respiratoria.
- O interesado que organice o evento deberán coidar os arredores e coñecer o número de teléfono dos Bombeiros (080) e o de Emerxencias (112).
- Se a propiedade está en zona urbana: O volume do combustible da cacharela non excederá os 2 metros de diámetro e 6 metros de perímetro, nin un metro de altura.
- En zona rural: O volume do combustible da cacharela non excederá os 3 metros de diámetro ou 9 de perímetro, nin os 3 metros de altura.
- Porase especial coidado en situar a fogueira alonxada das vivendas, vehículos, instalacións e locais nos que se almacenen produtos inflamables; asemade non se situarán baixo tendidos eléctricos ou telefónicos, nin preto de masas arbóreas ou zonas vexetais susceptibles de ser queimadas.
- Prohíbese a queima de neumáticos, plásticos, espumas de poliuretano, aceites, e en xeral de calquera substancia que ao arder desprenda fume tóxico.
- En ningún caso se botarán ao lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays), aínda que estean baleiros.
- A fogueira permanecerá vixiada polos solicitantes ata a súa total extinción que deberá ser asegurada empapando os restos totalmente con auga, asegurándose de que as cinzas queden totalmente apagadas.
- No caso de que se levante vento que poida dificultar a vixilancia e extinción da fogueira esta deberá suspenderse ou apagarse de inmediato.
- A hora límite para rematar a celebración entre persoas non convivintes, segundo establecido na Orde da Consellería de Sanidade, 28 de maio de 2021 será a 1 da madrugada do día seguinte á realización do evento. Se a cacharela/sardiña ten lugar entre persoas convivintes as 03:30 horas da madrugada, de acordo co disposto no artigo 5.f da Lei 10/2017 de 27 de decembro de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- **Non se ocupará ningún terreo ou espazo público.**

O desenvolvemento de celebración das cacharelas e sardiñadas cumprirá estas normas e as Ordenanzas municipais.

O cumprimento destas normas será verificado polo persoal do Servizo de Extinción de Incendios que, se é o caso, dará conta á Policía Municipal das infraccións. Lémbrese que o nº de tfno do Servizo de Bombeiros é o 080 (só emerxencias) ou o 981 542 444; e asemade, o número de Emerxencias da Xunta de Galicia é o 112.

22. CENTROS CÍVICOS. Referencia: 2021/00023957A.

Convalidación de gastos correspondentes a contratos menores por razón de contía. S/2021/70

Acórdase:

Primeiro. Convalidar as actuacións de gastos levadas a cabo coa omisión da función interventora, considerando acreditada para a totalidade dos indicados gastos, - os cales se corresponden na súa totalidade con contratos menores por razón de contía dos regulados no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público-, a necesidade da súa contratación e o cumprimento dos requirimentos fixados no referido precepto legal, de acordo cos antecedentes e informes incorporados ao expediente.

Segundo. Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas derivadas dos referidos gastos a favor de PRODUCCIÓN TEATRAIS TALÍA, S.L., segundo se reflicte na relación contable S/2021/70, e con imputación á aplicación orzamentaria 040 33404 2269900 que figura nas actas de conformidade das facturas, por un importe total de **8.603,10 euros**.

23. CENTROS CÍVICOS. Referencia: 2021/00023917D.

Convalidación de gastos correspondentas a contratos menores por razón de contía. F/2021/677

Acórdase:

Primeiro. Convalidar as actuacións de gastos levadas a cabo con omisión da aprobación previa destes, considerando acreditada para a totalidade dos indicados gastos, - os cales se corresponden na súa totalidade con contratos menores por razón de contía dos regulados no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público-, a necesidade da súa contratación e o cumprimento dos requirimentos fixados no referido precepto legal, de acordo cos antecedentes e informes incorporados ao expediente.

Segundo. Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas derivadas dos referidos gastos a favor de LARA TORRES RODRÍGUEZ, segundo se reflicte na factura F/2021/677, e con imputación á aplicación orzamentaria 040 33404 2269900 que figura na acta de conformidade, por un importe total de **1.319,08 euros**.

24. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: SUBSTITUCIONVEHICULOS/2021.

Proposta de resolución para autorizar a substitución de dous vehículos adscritos ao transporte urbano

Acórdase autorizar a substitución dos citados vehículos averiados (6306-FPJ e 2531-FMY) por outros dous con matrícula 8611-HYY e 8698-HYY

25. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2021/00021694V.

Aprobar as bases reguladoras e a convocatoria para a concesión de subvencións para o fomento de actividades de programas e actividades en prol da igualdade efectiva entre mulleres e homes e das persoas do colectivo lésbico, gay, transexual, bisexual, queer e intersexual (LGTBQI) e de prevención e loita contra as violencias machistas, para o ano 2021.e a retención de crédito polo importe destinado a esta convocatoria de 30.000 euros (TRINTA MIL EUROS) que financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 050 23102 4890100/2021.

Acórdase:

- Aprobar as bases reguladoras e a convocatoria para a concesión de subvencións para o fomento de actividades de programas e actividades en prol da igualdade efectiva entre mulleres e homes e das persoas do colectivo lésbico, gay, transexual, bisexual, queer e

intersexual (LGTBQI) e de prevención e loita contra as violencias machistas, para o ano 2021.

- Aprobar a retención de crédito polo importe destinado a esta convocatoria de **30.000 euros** (TRINTA MIL EUROS) que financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 050 23102 4890100/2021.

26. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00023991Z.

Dación de conta á XGL da sentenza núm. 159/2021 recaída no procedemento PA 358/2020 CA2 ao que se acumulou o PA 361/2020 CA2.

Dase conta da sentenza de 18 de maio de 2021, do Xulgado do Contencioso- Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela

Procedemento: PA 358/2020 (e PA 361/2020, acumulado por Auto de 25 de febreiro de 2021)

Obxecto:

- Decreto do 27 de xullo de 2018, 2 de outubro de 2018 e do 3 de xuño de 2020, nos que se acorda paralizar as obras de recheo do expediente LIC/689/2015; ampliar o citado expediente á derriba duns determinados peches; e non admitir a trámite o recurso de reposición interposto o 3 de novembro de 2018.

- Decreto do 7 de xullo de 2020 polo que se declara a ineficacia da comunicación previa do peche parcial en Agra do Carballo, PARCELA 1729 (expte. LIC/2062/2019).

A sentenza, despois de rexeitar as causas de non-admisión esgrimidas polo Concello no acto da vista, dispón o seguinte:

- Desestimar o recurso do PA 361/2020, interposto contra o Decreto de 7 de xullo de 2020, o cal queda confirmado (FD 3º).

- Estimar parcialmente o recurso do PA 358/2020, no particular relativo á desestimación do recurso de reposición interposto contra a resolución de 16 de outubro do 2018, ordeando a retroacción de actuacións a fin de que polo Concello, previa a emisión dos informes que procedan e con audiencia da parte actora e dos posibles solicitados e afectados, procedase a pronunciar unha nova resolución.

A sentenza é firme, polo que non admite recurso.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da sentenza e acorda remitila ao epartamento de Urbanismo para os efectos da súa execución.

27. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00023934A.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no Procedemento Abreviado 41/2021 dita polo Xulgado Contencioso Administrativo núm. 2

Dase conta da sentenza do 18.05.2021

PA 41/2021 CA 2

Obxecto: Impugnación sobre falta de execución de resolución que estima responsabilidade patrimonial e declara a responsabilidade de Viaqua.

Contía: 1.222 euros

A sentenza é desfavorable aos intereses municipais xa que ordea ao concello a que execute o Decreto do 19.05.2020 no sentido de que adopte as medidas necesarias para que a empresa indemnice ao recorrente na cantidade de 1.222 euros.

Contra dita sentenza non cabe recurso.

As custas impóñense ao concello.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento e acorda comunicala ao departamento de Vicesecretaría para os efectos da súa execución.

28. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00023930E.

Dación de conta á XGL da sentenza núm. 161/2021 recaída no procedemento PA 16/2021 CA2.

Dase conta da sentenza do 24.05.2021

PA 16/2021 CA 2

Obxecto: Impugnación de Decreto que resolve recurso de reposición contra liquidación nº 2914234 en concepto de IBI dos exercicios 2014,2015,2016 e 2017

Contía:1.738,37 euros.

A sentenza é favorable aos intereses municipais e declara que as liquidacións están ben practicada xa que admite a tese da defensa do concello relativa a que o concello carece de competencia para alterar o contido do padrón catastral e para determinar o suxeito pasivo do imposto.

Contra dita sentenza non cabe recurso ningún.

As custas impóñense á demandante cunha limitación de 400 euros.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da sentenza e acorda comunicala ao departamento de xestión tributaria para os efectos do seu coñecemento.

29. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00023785S.

Dación á Xunta de Goberno Local de sentenza recaída no PA 294/2020 CA2

Dase conta da sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela de 18 de maio de 2021.

Procedemento: PA 294/2020

Obxecto: Decreto de 1 de xuño de 2020 polo que se rexeita a solicitude formulada polo recorrente —policía local— e máis outros catro para o aboamento das retribucións complementarias durante o período de prácticas.

A sentenza estima o recurso contencioso-administrativo ao entender, á vista das probas practicadas, que durante o período de prácticas o funcionario desenvolveu as funcións propias de policía local. Respecto da postura da Administración, considera a sentenza que *“...si se examina le [sic] expediente, no ha aportado datos ni elementos objetivos concretos que sirvan para justificar que el recurrente no ha desempeñado de manera completa, como se indica en la resolución recurrida, las funciones propias de policía local durante el periodo de prácticas”*.

Á vista do anterior, declara o dereito da parte recorrente a percibir as cantidades correspondentes as retribucións complementarias durante o período de prácticas, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias, o cal determinarase na execución da sentenza.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da sentenza e acorda remitila ao Departamento de Persoal para os efectos da súa execución

30. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00023789L.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no Procedemento Abreviado 18/2021 ditada polo Xulgado Contencioso Administrativo núm. 2

Dase conta da sentenza nº 170/2021, de 25 de maio, do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela

Procedemento: PA 18/2021

Obxecto: Resolución do Tesoureiro Municipal de 26 de outubro de 2020, pola que se desestima o recurso de reposición interposto contra a dilixencia de embargo de conta corrente por importe de 283,42 euros, derivado da liquidación da taxa pola prestación do servizo de extinción de incendios, xerada polos vertidos ocasionados por un vehículo sendo condutor o recorrente

A sentenza desestima o recurso de reposición ao considerar axustada a dereito tanto a liquidación como a fase de constrinximento. Admite todas as alegacións feitas no acto da vista. En síntese entende que:

- O recorrente é o responsable como condutor do vehículo no momento do sinistro e polo tanto, o suxeito pasivo da taxa.
- O recorrente non atendeu o requirimento para designar á compañía aseguradora do vehículo, na súa condición de substituta do contribuínte.
- As actuacións do procedemento de constrinximento foron notificadas adecuadamente.

A sentenza é firme polo que non procede recurso

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da sentenza e acorda remitila ao Departamento de Tesourería para os efectos da súa execución.

31. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00025349S.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das Resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 28 de maio a 3 de xuño de 2021.

URXENCIAS

32. Aprobación do expediente denominado “Obras de ampliación das redes de abastecemento e saneamento nas parroquias de Aríns, Laraño e Sabugueira (POS + 2017)”

Apróbase o expediente denominado *Obras de ampliación das redes de abastecemento e saneamento nas parroquias de Aríns, Laraño e Sabugueira (POS+ 2017)*, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 125.619,83 euros IVE aparte, unha vez completado co certificado de existencia de crédito.

O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 26.380,17 euros; polo que o importe total, IVE engadido, é de **152.000 euros**.

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigas económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria 100 16100 60900 00 2017 2 PPROV 35 7.

33. Aprobación do expediente de apertura do procedemento de adxudicación das “Obras de ampliación da rede de abastecemento en A Ponte Alvar (POS +2020)”

Apróbase o expediente denominado *Obras para a ampliación da rede de abastecemento en A Ponte Alvar (POS+ 2020)*, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 125.334,93 euros IVE aparte, unha vez completado co certificado de existencia de crédito.

O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 26.320,34 euros, polo que o importe total, IVE engadido, é de **151.655,27 euros**.

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigas económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria 100 45400 61900 00 2020 2 PPROV 35 1.

34. Revisión IPC local. Catastro e censos. CON/105/2007

Acórdase proceder á revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 3 sito na rúa Galeras, 28-baixo destinado a oficinas municipais (Catastro e Censos), segundo as variacións experimentadas polo IPC no período comprendido entre decembro de 2009 e abril de 2021, que supón un incremento relativo do 13,9 %, quedando fixado o prezo do contrato, a partir do 1 de maio de 2021 no importe mensual de 938,91 € IVE incluído, e importe anual de 11.266,92 € IVE incluído.

O gasto irá con cargo á partida do orzamento municipal nº 030 93100 2020000. POLITICA ECONOMICA E FISCAL ADMÓN XERAL ARRENDAMENTOS, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente en dito exercicio.

35. Aprobación da memoria e da gratuidade do programa “English Summer School”, unha proposta educativa para o tempo de verán en Compostela que se levará a cabo dende o 28 de xuño ao 30 de xullo de 2021.

Acórdase:

- 1.- Aprobar a memoria do programa “English Summer School”, unha proposta educativa para o tempo de verán en Compostela que se levará a cabo dende o 28 de xuño ao 30 de xullo de 2021 (ambos os dous inclusive), de acordo coas características recollidas no Informe.
- 2.- Aprobar a gratuidade do programa “English Summer School”, nos termos que se recollen no respectivo informe e na memoria económica.

Está destinado a nenas e nenos empadroados no concello de Santiago de Compostela ou que cursen actualmente algún dos cursos de Educación Primaria nun centro educativo de Santiago de Compostela. Con esta alternativa lúdico-educativa preténdese fomentar o estudo do inglés e mellorar as competencias comunicativas dos nenos e nenas nun ambiente que lles resulte atractivo. No “English Summer School” traballarase co alumnado valores tan importantes como o respecto aos compañeiros e ás normas, a integración social, o traballo en equipo, entre outros. Ademais, fará dos nenos e nenas elementos activos da súa propia aprendizaxe.

Datas de realización e modalidades de participación: o programa desenvolverase durante o período comprendido entre o 28 de xuño e o 30 de xullo de 2021, (ambos os dous inclusive) sen prexuízo dos traballos previos necesarios para a súa organización.

As modalidades a escoller polos interesados son:

Opción 1: Todo o mes: do 28 de xuño ao 30 de xullo de 2021.

Opción 2: Primeira quenda: do 28 de xuño ao 16 de xullo de 2021.

Opción 3: Segunda quenda. Do 19 de xullo ao 30 de xullo de 2021.

O horario das actividades será de 09:30h a 14:00 horas.

Co obxecto de facilitar a conciliación das familias, haberá un horario de acollida dos usuarios que o necesiten, desde as 8:00h ata as 9:30h. Ese mesmo servizo de acollida prestarase desde as 14:00h ata as 15:00h.

NÚMERO DE PRAZAS: 75 prazas, das que 6 reservaranse para nenos e nenas que presenten informe do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Santiago e terán o carácter de acceso directo ao programa.

LUGAR DE EXECUCIÓN: as actividades terán lugar en instalacións do CEIP Pío XII, sito na Rúa Poza de Bar s/n, 15705. Santiago de Compostela; ou noutro CEIP, habilitado ao efecto, do concello de Santiago.

Inscrición no programa:

➤ Abrirase un prazo de inscrición entre os días 8 e 16 de xuño de 2021 (ambos os dous inclusive).

As solicitudes presentaranse segundo o modelo normalizado ben por medios electrónicos ou de xeito presencial, solicitando cita previa, no Rexistro xeral do Concello de Santiago (Rúa Presidente Salvador Allende 4, Galeras) ou mediante calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Para solicitar cita previa no Rexistro Xeral do Concello de Santiago poden chamar ao teléfono 881 505 107 ou a través da páxina web:

<https://citaprevia.santiagodecompostela.gal/>

Se presenta a solicitude a través da sede electrónica do Concello de Santiago (<https://sede.santiagodecompostela.gal/>) escolla o trámite “Inscrición no programa English Summer School” dentro do catálogo de trámites dispoñible.

➤ No caso de existir máis demanda que prazas ofertadas realizarase un sorteo público, que consistirá na introdución de tantas bolas nun bombo como solicitantes (agás os nenos e nenas con informe de Servizos Sociais). Elaborarase unha listaxe numerada atribuíndo a cada solicitante un número nese listado.

36. Solicitude de afectación educativa parcial do multiuso de Lavacolla seguintes acordos:

Acórdase solicitar á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN afectación parcial educativa do multiuso de Lavacolla con referencia catastral 5702601NH4550B0001UM nos termos sinalados polo concelleiro de Educación, que son:

-O uso educativo terá carácter preferente e prioritario, nos horarios nos que este non teña uso educativo. O uso educativo comprende non só o servizo escolar lectivo ordinario, senón tamén todos os servizos e actividades complementarias e actividades extraescolares.

-O Concello de Santiago poderá autorizar o uso veciñal da sala deportiva do edificio, que se solicitará polas entidades que desexen realizar actividades compatibles nela, polo procedemento previsto no Regulamento de Centros Socioculturais aprobado o 30 de setembro de 2010, nos seus artigos 10 e 11. As entidades usuarias faranse responsables da limpeza, vixilancia e control da instalación durante a realización das súas actividades, deixándoa en todo momento en estado axeitado para o uso educativo.